

## **BASES SERVIZO CONCILIACIÓN COVELO 2022**

### **1.- OBXECTO**

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos a seguir na selección das persoas participantes no Servizo de Conciliación de Covelo 2022. Un servizo socioeducativo para facilitar a conciliación das familias en periodos lectivos en horario non lectivo. Trátase da dinamización da biblioteca e centros sociais da vila en horario non lectivo según as necesidades das familias solicitantes do servizo.

Esta actividade está financiada polo **Plan Corresponsables da Secretaría Xeral de Igualdade**.

### **2.- PERSOAS DESTINATARIAS**

Poderán participar crianzas nadas entre 2019 e 2006 anos, preferentemente empadroadas no concello de Covelo. Estes requisitos e demais condicións para o acceso ao proxecto, deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e deben de ser acreditados xunto coa solicitude.

### **3.- TEMPORALIZACIÓN**

Según necesidades os días laborais ata o 30 de decembro de 2022.

Horario: Según necesidades

Dende as 15,00 horas ás 21,00 horas de luns a venres.

Días non lectivos de nadal: Dende as 08,00 ás 21,00 horas.

Posibilidade de valorar excepcións co informe de servizos sociais.

### **4.-PREZO**

Servizo gratuito

### **5.- ACTIVIDADES**

As actividades que se realizan de cara á consecución dos obxectivos propostos serán variadas e se adaptarán as idades das persoas participantes e as instalacións.

### **6.- METODOLOXÍA**

A metodoloxía empregada será unha metodoloxía de intervención socioeducativa dinámica activa, participativa, comunicativa, lúdica e educativa impartida por medio de actividades que fomenten valores positivos e adecuadas as idades das persoas participantes.

A finalidade proporcionar un espazo seguro onde as crianzas poidan pasar horario non lectivo favorecendo un tempo de lecer saudable a través de actividades lúdicas e socioeducativas nun tempo en que as súas familias non están dispoñibles para elas.



## Concello de Covelo

---

### 7.- PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

#### 7.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección do alumnado procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Edictos Municipais, ou a través doutros medios publicitarios se se considera oportuno. A aceptación comunicárase a través da sede electrónica comunicándose ao mesmo tempo telefónicamente para axilizar o servizo, polo que as persoas solicitantes deben comunicar un teléfono de contacto dispoñible.

#### 7.2.- INSCRICIÓN

##### 7.2.1.- Documentación.

As nenas e nenos interesadas deberán presentar no concello a folla de inscrición cuberta xunto coa seguinte documentación:

- Folla de inscrición.
  - DNI da nai, pai titora ou titor
  - DNI da nena ou neno ou libro de familia
  - Cartilla da Seguridade Social
  - IRPF do ano 2021
- Quen alegue necesidade por algún dos motivos valorados no punto 7.3.- Criterios de selección destas bases deberá presentar algún documento que xustifique a súa situación.

**PRAZO DE SOLICITUDE E RESERVA DE PRAZA: ATA O 27 DE DECEMBRO DE 2022**

#### 7.3.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

Admitiranse as persoas participantes por rigoroso orde de inscrición sempre que:

A renda da unidade familiar, sumada a base impositiva xeral e a base impositiva do aforro, da declaración do IRPF do ano 2021 non supere os 45.000 €.

No suposto de que esta contía fora superior, a renda per cápita, entendida como a suma das bases impositivas xerais e do aforro dividida polo número de membros da unidade familiar, non deberá superar os 13.500 €.

**RENDA PER CÁPITA FAMILIAR:** calcúlase dividindo a renda da unidade familiar entre o número de persoas computables. Son persoas computables da familia:

- Nais, pais ou titoras ou titores legais, fillas e fillos menores de idade, fillas e fillos



## Concello de Covelo

---

maiores de idade con discapacidade e fillas solteiras e fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.

- No caso de divorcio ou separación legal da nai e o pai non se considerará persoa computable aquela que non conviva co fillo/a, agás nos casos de custodia compartida. Será persoa computable, en caso de que o haxa, o novo cónxuxe ou parella. - Computarán por dous as persoas da unidade familiar ( pai, nai, filla ou fillo e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos total, absoluta ou grande invalidez.

**CÁLCULO DA RENDA FAMILIAR:** calcúlase dividindo a renda da unidade familiar entre o número de persoas computables. En caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todas as persoas computables da unidade familiar. Terán prioridade:

1. Persoas empadroadas no Concello de Covelo.
2. Persoas que xustifiquen a necesidade por motivos laborais e cargas familiares.
3. Familias monomarentais e monoparentais.
4. Mulleres vítimas de violencia de xénero en todas as súas manifestacións.
5. Familias numerosas.
6. Mulleres maiores de 45 anos.
7. Familias con informe xustificativo dos servizos sociais de Covelo.

**\*\***No caso de que existan prazas suficientes poderán acceder ao servizo de conciliación todas as persoas solicitantes.

### **7.4.- PROCESO DE SELECCIÓN**

As persoas deberán facer a solicitude do servizo e a entrega de documentación no Concello de Covelo (Servizos Sociais) ou a través da sede electrónica, cun mínimo de 2 días de antelación á necesidade do servizo.

A aceptación comunicarase a través da sede electrónica informándose ao mesmo tempo telefónicamente para axilizar o servizo, polo que as persoas solicitantes deben comunicar un teléfono de contacto dispoñible.

### **8.- RECURSOS**

#### **8.1.- RECURSOS HUMANOS:**

Monitoras ou monitores cualificados.

#### **8.2.- RECURSOS MATERIAIS**

Material de desfeita, recollido polos nenos/as e polas monitoras. Material: cartolina, tesoiras, lapis, punzóns, plastilina, rodillo, gomas, folios, pegamento, acuarelas,



## Concello de Covelo

---

pinceis, ceras, rotuladores, grapadora, grapas, clips, regras, abalorios, sedal, globos, maquillaxe, inchadores, folios de cores, balóns, comida, culleres de paus, prato, vasos, etc... Aula con mesas e cadeiras para todas e todos os participantes.

### 9. AVALIACIÓN

O sistema de avaliación realizarase mediante o establecemento de indicadores ou medidores cuantificables do grao de cumprimento dos obxectivos perseguidos. A avaliación será un proceso continuo co obxectivo de obter información constante sobre o desenvolvemento do principio de igualdade e actuar sobre aqueles obstáculos que impidan a execución eficaz das actividades. As achegas e recomendacións da técnica municipal de coordinación do proxecto, das nais, pais, nenas e nenos participantes recabaranse e empregaranse de forma periódica o Concello de Covelo. A avaliación final quedara rexistrada nunha memoria.

Covelo, na data que figura á marxe

O Alcalde. Juan Pablo Castillo Amigo

Documento asinado electrónicamente

